



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA
LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS
1º EDUCACIÓN PRIMARIA

Táboa de contidos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	2
2. Avaliación e cualificación.....	3
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	4
4. Información e publicidade.....	4

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p>	<p>CCL</p>
<p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p>	<p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</p>	<p>CCL CSC</p>
<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</p>	

2. Avaliación e cualificación.

Avaliación	Procedementos: terase en conta a elaboración diaria das tarefas propostas así como o interese por facelas ben.
	Instrumentos: un breve test semanal online creado con Google Forms para comprobar o desenvolvemento correcto do traballo semanal.
Cualificación final	Para a obtención da nota final do curso terase en conta o 1º trimestre cun 40%, o 2º trimestre cun 40% e o terceiro trimestre cun 20%. Así mesmo, por contemplar unha avaliación continua, no caso de ter un suspenso na 1ª avaliación e un aprobado na 2ª, considéranse acadados os mínimos necesarios para a promoción.
Proba extraordinaria de setembro:	Por aplicar un carácter de avaliación continua e que os contidos, obxectivos, estándares e competencias se poden traballar no vindeiro curso, non se concibe unha proba extraordinaria para setembro.
Criterios de avaliación:	<ul style="list-style-type: none">- Elaboración das tarefas propostas polo profesorado.- Completar o test/enquisa semanal online de avaliación sobre o traballado na semana.- Comunicación diaria e/ou semanal co titor para informar sobre os avances, dificultades ou problemas atopados á hora de levar a cabo o traballo proposto.
Criterios de cualificación:	60% elaboración de tarefas. 30% test/enquisa online. 10% informe/comunicación das familias co titor.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades:	Debido ó curso no que se está a traballar, as actividades están centradas en traballar a discriminación auditiva e adquisición e fortalecemento de contidos e estándares xa acadados mediante a visualización de vídeos de cancións e contos previamente traballados na aula nos trimestres anteriores.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Como todo o conxunto do alumnado ten un acceso mínimo a internet e ó ter enviados os libros para as casas antes do peche dos centros, semanalmente realízase o envío dun horario co traballo pautado para cara día. Neste horario contéplase un traballo semellante ó que se podería levar a cabo nunha aula normal, facilitando vídeos explicativos para unha mellor comprensión dos conceptos e unha proposta de tarefas adicionais máis lúdicas e amenas para complementar o traballo curricular levado a cabo.
Materiais e recursos:	<ul style="list-style-type: none">- Libro de texto.- Enlaces a vídeos online de índole educativa meramente complementarios e aclaratorios.- Libreta ou folios para realización de determinadas tarefas complementarias ou modificadas das propostas no libro.

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	As comunicación ás familias fanse vía Abalar móbil ao igual que se leva facendo dende o comezo do curso.
Publicidade	Este documento, igual que as tarefas semanais propostas para o alumnado estará colgado na páxina web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/